

XEOGRAFÍA E HISTORIA.2ª DA ESO.

Queridos chic@s:

Xa pasou unha semana e xa queda menos para que remate está insólita e histórica situación da que todos nos somos protagonistas e que quedará plasmada nos libros de historia .Libros que algúns de vós, xa non estudaredes pero si os vosos fillos ,sobriños...feitos dos que poderedes dar boa conta porque os estades a vivir nestes intres.

Nas últimas novas da Consellería de Educación durante o terceiro trimestre repasáranse os contidos dos dous primeiros,non se darán contidos novos por ese motivo, está semana repasarmos o primeiro tema.

Os alumnos suspensos, algún trimestre de Xeografía e Historia,teñen a posibilidade de recuperación realizando as tarefas propostas semanalmente e remitíndoas o meu correo,a o longo da semana.A data límite é cada domingo. Para os alumnos que teñan a materia aprobada serán tidas en conta para subir as medias do terceiro trimestre.

Calquera dúbida ou aclaración sobre a tarefa desta materia, non dubides en consultala no meu correo:

mdocoso@hotmail.com

TEMA 1 DE XEOGRAFÍA. A POBOACIÓN.

O ESTUDO DA POBOACIÓN

1. Responde as seguintes cuestións.

- a. Que é a demografía?
- b. Que razóns tiñan os gobernos na Antigüidade para controlar a poboación dos seus territorios? E na actualidade?
- c. Quen eran os censores?
- d. Por que eran útiles os arquivos parroquiais no reconto da poboación?

2. Completa o seguinte texto relacionado coas fontes demográficas en España.

..... de Poboación.

É un documento oficial realizado polo que permite coñecer os datos demográficos do país.

Padrón

É un documento elaborado polos onde se recollen datos como a idade, o estado civil, o sexo, o domicilio, os estudos e a actividade económica dos dun municipio.

Rexistro

O Ministerio de Xustiza recolle neste rexistro os nacementos, as defuncións e os matrimonios que se producen no

3. En que tres bloques se divide a estrutura biolóxica da poboación, atendendo á idade?

4. En canto á estrutura económica de poboación, que dous grandes grupos de poboación podemos establecer? Pon exemplos de persoas que coñezas que se sitúen en cada un dos grupos.

5. Escribe a fórmula correcta para calcular as seguintes taxas.

a. Taxa Bruta de Mortalidade

b. Taxa de Crecemento Natural

6. Para que se utiliza a Taxa Bruta de Natalidade? Que diferenza hai entre as cifras de natalidade dos países desenvolvidos e os países en vías de desenvolvemento?

OS REFUXIADOS

Os movementos migratorios son os desprazamentos de poboación dun lugar a outro do planeta. Estes desprazamentos poden estar motivados por diversas causas. Algúns fenómenos como o fame, as guerras, as catástrofes naturais ou a falta de expectativas tenden a expulsar á poboación dun lugar. Neste contexto migratorio obrigado, atopamos aos refuxiados.

Despois realiza as actividades.

1. Moitos dos datos achega dos refuxiados proporciónaos ACNUR. Investiga que é esta organización e a que se dedican.

2. Que diferenza a un refuxiado dun inmigrante?

3. Por que cres que Europa é a meta para moitos refuxiados?